

11/482 CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, MELLORA E CONSERVACIÓN DAS ZONAS VERDES PÚBLICAS E ARBOREDO VIARIO DA CIDADE DE LUGO. RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POLA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE EMPRESAS DE PARQUES E XARDÍNS CONTRA O ACORDO 14/429, DO 11 DE XULLO DE 2012, DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LUGO.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 6 de agosto de 2012, conformado pola Letrada Asesora o 7 de agosto de 2012, que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

- I. Acordo 14/429 da Xunta de Goberno Local do Concello, do día once de xullo de 2012, polo que se aprobou a contratación do servizo de mantemento, mellora e conservación das zonas verdes públicas e arboredo viario da cidade de Lugo, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares así como o gasto e a adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada.
- II. Tramitación regulamentaria do expediente de contratación e realización dos anuncios de licitación.
- III. Recurso especial en materia de contratación interposto pola Asociación Española de Empresas de Parques e Xardíns (ASEJA) mediante escrito presentado no Concello con data 1 de agosto de 2012

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC)
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. A representante da Asociación Española de Empresas de Parques e Xardíns (ASEJA) formula en tempo e forma un recurso especial en materia de contratación que debe ser considerado contra o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo polo que se aproban os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexen no procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento, mellora e conservación das zonas verdes públicas e arboredo viario da cidade de Lugo.

Segunda. Fundamenta o seu recurso a parte recorrente no feito de que o criterio de valoración incluído na cláusula 11.2.1 do prego de cláusulas administrativas particulares relativo á 'proposta de persoal adscrito ao contrato' é contrario a dereito por unha serie de motivos que expón no seu escrito de recurso.

Considera a representante de ASEJA que ao establecer o mesmo prego na súa cláusula décimo sexta a obriga de *'subrogarse nos contratos dos traballadores que veñen prestando o servizo actualmente, sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 43 do Convenio Colectivo Estatal de Xardinería'*, así como a esixencia na cláusula quinta e anexo IV dun compromiso de adscrición de medios persoais, podería supoñer unha vulneración dos principios de liberdade de acceso ás licitacións, non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores, así como da salvagarda da libre competencia e iso porque entende que, dado que no criterio de valoración discutido se esixe aos licitadores incluír no sobre B a documentación que permita ter coñecemento do número total de traballadores, categorías, postos de traballo e o seu *curriculum vitae*, valorando o maior número de persoas asignadas de forma continua e permanente durante todo o ano e ao longo da súa xornada de traballo, a súa experiencia, formación e as categorías de traballo, se atopan coa imposibilidade das empresas licitadoras, distintas á empresa que actualmente presta o servizo, de acreditar titulación algunha dos traballadores xa que descoñecen a titulación dos traballadores a subrogar e o Concello non facilita esta información.

Terceiro. Cómpre comezar a fundamentación desta proposta de resolución sinalando que é comprensible a preocupación que se desprende do contido do recurso formulado pola asociación recorrente, se ben cabe dicir que tal preocupación se basea nunha interpretación dos termos e do contido do prego de cláusulas administrativas particulares que en ningún caso debe ser mantida por este Concello.

Efectivamente, no prego de cláusulas administrativas particulares establécese, por unha banda, a esixencia dun compromiso de medios persoais na súa cláusula quinta e anexo IV e, por outra, a obriga para o futuro contratista de subrogarse nos contratos dos traballadores que veñen prestando o servizo actualmente, sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 43 do Convenio Colectivo Estatal de Xardinería. E isto debe ser perfectamente compatible co establecemento do criterio de valoración establecido na cláusula 11.2.1 'Proposta de persoal adscrito ao contrato' xa que na valoración deste apartado só debe ser avaliado o persoal que oferte cada unha das empresas a maiores do persoal a subrogar e do persoal obrigatorio, que en ningún caso debe nin vai ser valorado xa que calquera empresa que resulte adxudicataria vai contar con el.

Polo tanto, e se ben a redacción da cláusula décimo primeira podería ser máis clara ao respecto, esta debe ser interpretada no senso de que **o persoal que vai ser valorado é soamente o que se oferte polas empresas participantes a maiores do que é obrigatorio e, por suposto, do persoal a subrogar**, xa que doutro xeito se produciría unha discriminación non aceptable de ningún xeito entre a empresa que coñece toda a información sobre os traballadores actuais e o resto de empresas e unha vulneración polo tanto dos principios da contratación pública, tal e

como sinala non seu recurso a asociación ASEJA. A información que se proporciona no anexo do prego sobre os traballadores a subrogar (categoría, antigüidade, salario e temporalidade), pretende informar aos licitadores para os efectos de poder realizar a valoración dos custos salariais e presentar a súa oferta económica.

Cuarto. En canto ao órgano municipal competente para acordar a resolución do recurso especial en materia de contratación, de acordo co disposto no artigo 41 e na disposición adicional segunda do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, correspóndelle á Xunta de Goberno Local.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa adoptada por unanimidade de todos os membros presentes, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso especial en materia de contratación interposto pola Asociación Española de Empresas de Parques e Xardíns (ASEJA) contra o acordo 14/429 da Xunta de Goberno Local do Concello, do día 11 de xullo de 2012, polo que se aprobou a contratación do servizo de mantemento, mellora e conservación das zonas verdes públicas e arboredo viario da cidade de Lugo, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares así como o gasto e a adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada, con base nos argumentos postos de manifesto neste informe proposta e que se dan por reproducidos para os efectos da súa fundamentación.

SEGUNDO.- Continuar coa tramitación do expediente de contratación.

TERCEIRO.- Notificarlles este acordo ás partes interesadas e ás dependencias municipais afectadas con indicación de que este pon fin á vía administrativa, e que contra el cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto.